

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0265	Patróns	2023/2024	4	123	123

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ANA VELOSO AMOEDO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación didáctica está realizada para o desenvolvemento das ensinanzas do módulo "MP0265 Patróns" con unha duración de 123 horas, conducente á obtención do título de "Técnico en confección e moda" regulado polo "Decreto 72/2010, do 8 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en confección e moda".

O perfil profesional do título de técnico en confección e moda determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título

A competencia xeral deste título consiste en confeccionar á medida e industrialmente pezas, complementos e outros artigos téxtiles e de pel, conforme especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de realización de patróns sinxelos na confección á medida. A función de realización de patróns na confección á medida abrangue aspectos como a realización e a transformación de patróns. As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na toma de medidas e no desenvolvemento de modelos de confección.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo:

- h) Identificar as técnicas de elaboración de patróns e prototipos, e analizar as características do modelo, para a confección á medida de pezas e artigos de vestir.
- i) Identificar as técnicas de comunicación e de xestión de reclamacións en relación coa tipoloxía da clientela, para a súa atención nos servizos de realización de vestiario á medida.

E a competencia profesional:

- f) Elaborar patróns para confección á medida de artigos de vestir, adaptándoos ao modelo.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Identificación dos talles en relación ás medidas.
- Recoñecemento de formas e dimensións dos modelos.
- Recoñecemento e toma das medidas antropométricas.
- Aplicación de técnicas para realizar patróns.
- Aplicación de técnicas para a confección de prototipos.
- Verificación do prototipo e comprobación do seu axuste ao modelo.
- Contorno profesional.

1. Este profesional exerce a súa actividade en industrias de confección e moda dedicados á preparación e o corte de materiais, á produción de pezas, ao remate industrial de pezas e complementos de vestir en téxtil e pel.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Confeccionista.
- Especialista en confección.
- Oficial de confección.
- Cortador/ora de pezas e artigos téxtiles.
- Operador/ora de máquinas industriais de coser e bordar.
- Cosedor/ora ensamblador/ora.
- Marcador/ora cortador/ora de pezas e artigos en téxtil e pel.
- Pasador/ora acabador/ora.
- Operador/ora de máquinas de remate.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Introducción ao patronaxe: a toma de medidas e talla	Nesta unidade realizarase a toma de medidas antómicas de cada persoa e estudaranse diferentes táboas de medidas segundo o segmento de poboación	10	8
2	Patrón base de prendas de cintura	Nesta unidade elaboraranse patróns base de saia e pantalón, Verificaranse os patróns e industrializaranse os mesmos.	15	12
3	Transformacións de prendas de cintura	Nesta unidade manipularanse patróns de prendas de cintura e realizarase transformacións sinxelas adaptadas ao modelo. Comprobaranse e rectificaranse patróns e realizarase o despece	25	20
4	Patrón base de prendas de corpo	Nesta unidade elaboraranse patróns base de corpo e manga, Verificaranse os patróns e industrializaranse os mesmos.	15	12
5	Transformación de prendas de corpo	Nesta unidade manipularanse patróns de prendas de corpo e realizarase transformacións sinxelas adaptadas ao modelo. Comprobaranse e rectificaranse patróns e realizarase o despece	28	22
6	Interpretación de deseños	Nesta unidade identificaranse e clasificaranse pezas. Recoñeceranse os compoñentes das pezas. Identificaranse liñas, cortes e volumes. Recoñeceranse os materiais adecuados á peza. Interpretaranse fichas de patronaxe	30	26

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introducción ao patronaxe: a toma de medidas e talla	10

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Toma medidas sobre o modelo en relación co sistema de talla.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Indicáronse sobre o corpo humano os puntos básicos para a toma de medidas.
CA1.2 Relaciónáronse as dimensións antropométricas cos procedementos de medida.
CA1.3 Determinouse o talla axustado ao uso da peza.
CA1.4 Expresouse o talla coa nomenclatura normalizada (UNE, ISO).
CA1.5 Comparáronse o talla nos sistemas normalizados de talla.
CA1.6 Elaboráronse táboas de medidas de patronaxe.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Configuración anatómica: Tipos e características de canons.
Puntos básicos para a toma de medidas: sétima cervical, peito, tórax máximo, etc.
Toma de medidas para patronaxe de xeito directo: perimetrais e lonxitudinais.
Talle dunha peza. Nomenclatura e expresión dos talles: estatura, peito, cintura, cadeira, pescozo, cabeza e DROP.
Medidas antropométricas: sectores de poboación. Identificación de puntos. Tipos de pezas.
Identificación e expresión do talla: unidimensional, bidimensional e tridimensional.
Sistemas normalizados de talles: normas UNE e ISO. Intervalos por talla. Segmento de poboación.
Táboas de medidas.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Patrón base de prendas de cintura	15

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora patróns base, aplicando os perfís de patronaxe establecidos.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícaronse as medidas de patronaxe necesarias para realizar o patrón.
CA3.1.1 Identifícaronse as medidas de patronaxe necesarias para realizar o patrón de prendas de cintura
CA3.2 Identifícaronse o número de pezas e as súas formas.
CA3.2.1 Identifícaronse o número de pezas e as súas formas en prendas de cintura(base)
CA3.3 Seleccionáronse as ferramentas e os útiles para realizar patróns.
CA3.3.1 Seleccionáronse as ferramentas e os útiles para realizar patróns de prendas de cintura
CA3.4 Realizouse o patrón base en función táboa de medida de patronaxe.
CA3.4.1 Realizouse o patrón base en función táboa de medida de patronaxe en prendas de cintura (base)
CA3.5 Verificouse a exactitude das medidas.
CA3.5.1 Verificouse a exactitude das medidas de prendas de cintura (base)
CA3.6 Aplicáronse sinais de costura ou unión e posición.
CA3.6.1 Aplicáronse sinais de costura ou unión e posición de prendas de cintura (base)
CA3.7 Aplicáronse as marxes de costura.
CA3.7.1 Aplicáronse as marxes de costura nas prendas de cintura ( bases)
CA3.8 Cortáronse os patróns axustándose aos perfís establecidos.
CA3.8.1 Cortáronse os patróns axustándose aos perfís establecidos nas prendas de cintura (bases)

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Materiais, ferramentas e útiles para a elaboración de patróns.
Elaboración de patróns segundo as TNE e á medida: técnicas manuais e informáticas. Sistemas de patronaxe. Informática: sistemas e equipamentos.
Industrialización de patróns.

Contidos

**Industrialización de patróns base de prendas de cintura**

Sinais de unión e posición: marcas interiores de posición e marcas exteriores de coincidencia.

Piquetes de referencia: marcas de posición.

Marxes de costuras: tipos, localización e características.

Disposición de fornituras e requisitos do patrón en función delas.

Correspondencia das medidas. Verificación comparativa entre patróns de medidas anatómicas e medida normalizada segundo as TNE. Sector de poboación. Tolerancias estimadas e/ou desafogos. Medidas do patrón e medidas de usuario.

Corte de patróns: prevención de riscos laborais.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Transformacións de prendas de cintura	25

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Transforma patróns base e verifica a súa adaptación ás características do modelo.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os tipos de transformacións.
CA4.1.1 Identifícanse os tipos de transformacións das prendas de cintura
CA4.2 Aplicáronse transformacións sinxelas debuxadas sobre o patrón.
CA4.2.1 Aplicáronse transformacións sinxelas debuxadas sobre o patrón nas prendas de cintura
CA4.3 Manipulouse o patrón para a súa transformación acaída á forma requirida.
CA4.3.1 Manipulouse o patrón para a súa transformación acaída á forma requirida prendas de cintura
CA4.4 Verificouse a adaptación funcional e estética do modelo.
CA4.4.1 Verificouse a adaptación funcional e estética do modelo nas prendas de cintura
CA4.5 Identifícanse as posibles rectificacións.
CA4.5.1 Identifícanse as posibles rectificacións das prendas de cintura
CA4.6 Comprobase que as medidas corresponden coas da ficha de patronaxe.
CA4.6.1 Comprobase que as medidas corresponden coas da ficha de patronaxe nas prendas de cintura
CA4.7 Verificáronse os percorridos dos contornos dos patróns.
CA4.7.1 Verificáronse os percorridos dos contornos dos patróns nas prendas de cintura
CA4.8 Sinaláronse as marcas exteriores e interiores.
CA4.8.1 Sinaláronse as marcas exteriores e interiores nas prendas de cintura

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Industrialización de patróns.  Industrialización prendas de patróns de prendas de cintura
Alteración de volumes e formas: dobras, pregamentos, cortes asimétricos, godets, nesgas, drapeamento, etc.

**Contidos**

Manipulación de patróns: cortes verticais, horizontais, de fantasía e entallamentos.

Correspondencia coas medidas anatómicas: táboa de TNE. Medidas de pezas rematadas.

Rectificación de patróns: volume, tolerancias, longo, largura, DROP e configuracións anatómicas.



**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Patrón base de prendas de corpo	15

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora patróns base, aplicando os perfís de patronaxe establecidos.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícaronse as medidas de patronaxe necesarias para realizar o patrón.
CA3.1.2 Identifícaronse as medidas de patronaxe necesarias para realizar o patrón de prendas de corpo
CA3.2 Identifícaronse o número de pezas e as súas formas.
CA3.2.2 Identifícaronse o número de pezas e as súas formas en prendas de corpo (base)
CA3.3 Seleccionáronse as ferramentas e os útiles para realizar patróns.
CA3.3.2 Seleccionáronse as ferramentas e os útiles para realizar patróns de prendas de corpo
CA3.4 Realizouse o patrón base en función táboa de medida de patronaxe.
CA3.4.2 Realizouse o patrón base en función táboa de medida de patronaxe en prendas de corpo (base)
CA3.5 Verificouse a exactitude das medidas.
CA3.5.2 Verificouse a exactitude das medidas de prendas de corpo (base)
CA3.6 Aplicáronse sinais de costura ou unión e posición.
CA3.6.2 Aplicáronse sinais de costura ou unión e posición en prendas de corpo (base)
CA3.7 Aplicáronse as marxes de costura.
CA3.7.2 Aplicáronse as marxes de costura nas prendas de corpo (bases)
CA3.8 Cortáronse os patróns axustándose aos perfís establecidos.
CA3.8.2 Cortáronse os patróns axustándose aos perfís establecidos nas prendas de corpo (bases)

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Materiais, ferramentas e útiles para a elaboración de patróns.
Elaboración de patróns segundo as TNE e á medida: técnicas manuais e informáticas. Sistemas de patronaxe. Informática: sistemas e equipamentos.
Industrialización de patróns.

Contidos

**Industrialización de patróns base de corpo**

Sinais de unión e posición: marcas interiores de posición e marcas exteriores de coincidencia.

Piquetes de referencia: marcas de posición.

Marxes de costuras: tipos, localización e características.

Disposición de fornituras e requisitos do patrón en función delas.

Correspondencia das medidas. Verificación comparativa entre patróns de medidas anatómicas e medida normalizada segundo as TNE. Sector de poboación. Tolerancias estimadas e/ou desafogos. Medidas do patrón e medidas de usuario.

Corte de patróns: prevención de riscos laborais.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Transformación de prendas de corpo	28

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Transforma patróns base e verifica a súa adaptación ás características do modelo.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os tipos de transformacións.
CA4.1.2 Identifícanse os tipos de transformacións das prendas de corpo
CA4.2 Aplicáronse transformacións sinxelas debuxadas sobre o patrón.
CA4.2.2 Aplicáronse transformacións sinxelas debuxadas sobre o patrón das prendas de corpo
CA4.3 Manipulouse o patrón para a súa transformación acaída á forma requirida.
CA4.3.2 Manipulouse o patrón para a súa transformación acaída á forma requirida prendas de corpo
CA4.4 Verificouse a adaptación funcional e estética do modelo.
CA4.4.2 Verificouse a adaptación funcional e estética do modelo nas prendas de corpo
CA4.5 Identifícanse as posibles rectificacións.
CA4.5.2 Identifícanse as posibles rectificacións das prendas de corpo
CA4.6 Comprobase que as medidas corresponden coas da ficha de patronaxe.
CA4.6.2 Comprobase que as medidas corresponden coas da ficha de patronaxe nas prendas de corpo
CA4.7 Verificáronse os percorridos dos contornos dos patróns.
CA4.7.2 Verificáronse os percorridos dos contornos dos patróns nas prendas de corpo
CA4.8 Sinaláronse as marcas exteriores e interiores.
CA4.8.2 Sinaláronse as marcas exteriores e interiores nas prendas de corpo

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Industrialización de patróns.
Industrialización de patróns de prendas de corpo
Transformacións sinxelas en dianteiros, costas, traseiros, colos e mangas.

**Contidos**

Alteración de volumes e formas: dobras, pregamentos, cortes asimétricos, godets, nesgas, drapeamento, etc.

Manipulación de patróns: cortes verticais, horizontais, de fantasía e entallamentos.

Correspondencia coas medidas anatómicas: táboa de TNE. Medidas de pezas rematadas.

Rectificación de patróns: volume, tolerancias, longo, largura, DROP e configuracións anatómicas.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Interpretación de deseños	30

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica as pezas ou os patróns de que compoñía un modelo, e recoñece as súas formas e as súas dimensións.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identificouse e clasificou o tipo de peza.
CA2.2 Determináronse os volumes das pezas e os factores que inflúen na execución do patrón (funcionalidade e estética).
CA2.3 Identificáronse as características dos compoñentes da peza.
CA2.4 Analizouse o deseño, para o que se descompuxo o modelo que se vaia realizar en pezas planas (patróns).
CA2.5 Determinouse o tipo de material que se vaia empregar.
CA2.6 Determinouse a dirección e a posición das pezas do modelo.
CA2.7 Elaboráronse fichas de patronaxe.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
<a href="#">Fichas técnicas de patronaxe</a> Despezamento dun modelo. Volumes e características funcionais dunha peza: modelo e funcionalidade. Materias e tipos. Descomposición do volume do modelo en figuras planas: cálculo de medidas. Sistema de patronaxe. Factores que inflúen na execución do patrón (funcionalidade e estética): durabilidade, comodidade, conservación, aspecto, moda, axuste, calidade e prezo do produto final. Características dos compoñentes da peza: forma e dimensións. Patróns principais, secundarios e auxiliares. Selección dos materiais: funcionalidade, tipos e características. Tecido exterior, forros e entrañas. Composición de patróns a partir dun modelo: bases anatómicas, transformadas e manipuladas.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

- CA1.1 - Indicáronse sobre o corpo humano os puntos básicos para a toma de medidas.
- CA1.2 - Relacionáronse as dimensións antropométricas cos procedementos de medida.
- CA1.4 - Expresouse o talle coa nomenclatura normalizada (UNE, ISO).
- CA1.6 - Elaboráronse táboas de medidas de patronaxe
- CA3.1 - Identificáronse as medidas de patronaxe necesarias para realizar o patrón.
- CA3.2 - Identificáronse o número de pezas e as súas formas.
- CA3.4 - Realizouse o patrón base en función táboa de medida de patronaxe.
- CA3.5 - Verificouse a exactitude das medidas.
- CA3.6 - Aplicáronse sinais de costura ou unión e posición.
- CA3.7 - Aplicáronse as marxes de costura.
- CA3.8 - Cortáronse os patróns axustándose aos perfís establecidos.
- CA4.2 - Aplicáronse transformacións sinxelas debuxadas sobre o patrón.
- CA4.3 - Manipulouse o patrón para a súa transformación acaída á forma requirida.
- CA4.4 - Verificouse a adaptación funcional e estética do modelo.
- CA4.5 - Identificáronse as posibles rectificacións.
- CA4.6 - Comprobase que as medidas corresponden coas da ficha de patronaxe.
- CA4.7 - Verificáronse os percorridos dos contornos dos patróns.
- CA4.8 - Sinaláronse as marcas exteriores e interiores.
- CA2.1 - Identificouse e clasificou o tipo de peza.
- CA2.2 - Determináronse os volumes das pezas e os factores que inflúen na execución do patrón (funcionalidade e estética)
- CA2.3 - Identificáronse as características dos compoñentes da peza.
- CA2.4 - Analizouse o deseño, para o que se descompuxo o modelo que se vaia realizar en pezas planas (patróns).
- CA2.6 - Determinouse a dirección e a posición das pezas do modelo.
- CA2.7 - Elaboráronse fichas de patronaxe.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Ao longo do curso realizaranse probas teóricas sobre os contidos das unidades didácticas, exercicios e probas prácticas (a periodicidade das probas realizarase segundo o criterio da profesora tendo sempre en conta o ritmo de aprendizaxe do alumnado).

A nota da avaliación será a suma dos dous apartados seguintes:

A.-PROBA TEÓRICO- PRÁCTICA (50% da nota). Repartidos nos instrumentos de avaliación seguintes LC 65% PE 30% TO 5%

B.-TRABALLOS E ACTIVIDADES DE AULA (50% da nota). Repartidos nos instrumentos de avaliación seguintes LC 65% PE 30% TO 5%

O alumnado deberá superar cunha nota igual ou maior que 5 sobre 10 as actividades e probas teórico-prácticas que se realizaron durante o curso ao estar asociados aos CA Mínimos Esixibles. En caso contrario a nota do trimestre figurará como máximo un 4 e deberán recuperalos.

- Entrega de traballos: será indispensable a entrega no prazo e na forma marcado e deben estar rematados para a súa corrección. As entregas fóra da data

serán recollidas no período de recuperación de Xuño e a calificación trimestral será como máximo un 4.

- Criterio de nota de avaliación: se a nota media é un número decimal con valor 5 ou máis, a calificación será a nota inmediatamente superior, excepto no caso de non acadar o 5.

#### RELATIVO Á CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL

Criterio de nota final: a nota final será a ponderación das tres avaliacións do curso. Para aprobar o curso é necesario obter un 5 como mínimo sobre de 10 en cada avaliación.

Para os aprobados/as, na terceira avaliación figurará no boletín a nota final de curso e non a da terceira avaliación.

Ausencias xustificadas de xeito reiterado e/ou prolongado:

A falta de asistencia xustificada\* de xeito prolongado ou reiterado, impide a aplicación dos instrumentos de avaliación ordinarios recollidos na programación.

O alumnado nesta situación deberá realizar unha proba teórico-práctica antes de rematar o trimestre. Nesta proba recolleránse os criterios de avaliación asignados ó trimestre. A finalidade é demostrar que adquiriu as mesmas destrezas e coñecementos que o resto do grupo.

Se non se presenta á proba, contaránse as entregas e probas ordinarias realizadas e a calificación trimestral será como máximo dun 4.

A xustificación de faltas será segundo o recollido na Guía do alumando

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os mínimos non acadados a final de curso poderán superarse no período de recuperación de Xuño, as datas de este período estarán estipuladas polo Centro.

XUÑO:

- Durante este período de recuperación repasaránse os resultados de aprendizaxe non acadados e os conceptos non asimilados. Unha vez rematado este proceso o/a alumno/a deberá demostrar que acadou os mínimos exixibles non superados durante as avaliacións, mediante a realización dunha proba teórico/práctica ou práctica segundo o/os mínimos a recuperar.

- Serán demandadas unha serie de actividades de recuperación para alcanzar os contidos mínimos, esto se recollerá no Informe individualizado que se entregará ó alumnado con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

- O alumnado que non fixera as entregas das tarefas en tempo e forma disporá deste período para a entrega dos mesmos.

Os instrumentos de avaliación serán os mesmos que durante o curso:

PE 30% LC 65% TO 5%

- A nota final será a ponderación das tres avaliacións do curso e deberá ter un valor de 5 puntos como mínimo. Para aprobar o módulo é necesario ter superados todos os mínimos exixibles

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

PROCEDEMENTO PARA DEFINIR A PROBA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA PARA O ALUMNADO CON PERDA DE DEREITO A AVALIACIÓN CONTINUA:

Os instrumentos de avaliación para definir esta proba serán dun 30%PE, 65% LC e 5% TO que recollan os contidos mínimos exixidos para cada avaliación, recollidos no apartado 5 desta programación. Debido á complexidade desta proba poderíase requirir de varios días para realizala. A nota mínima para acadar o aprobado deberá ser dun 5 sobre 10.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.

Realizarase o seguimento da programación mensualmente na páxina habilitada para tal fin

A avaliación da práctica docente realizarase según procedemento do SXC do CIFP MANUEL ANTONIO a través de cuestionarios que se pasarán aos alumnos ao longo do curso, nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, á forma de traballo na aula e no taller, ás técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

### **8. Medidas de atención á diversidade**

#### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

AVALIACIÓN INICIAL:

- Tal e como se establece na lexislación vixente, ORDE do 12 de xullo de 2011, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seu artigo 28: "Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades".

- Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.
- Para este módulo pasarase durante a primeira quincena de Setembro, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivación do alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula. Con este cuestionario preténdese coñecer ben ao alumnado e poder así clasificar e adaptar a programación ao nivel dos mesmos.

#### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

MEDIDAS DE REFORZO:

Se calquera dos alumnos ou alumnas que están a cursar un módulo, non responde globalmente aos obxectivos programados, proporanse para



cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e situacións concretas:

1. Aplicar o establecido no apartado de contidos mínimos.
  2. Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, máis sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.
  3. Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título. Asemade reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.
  4. Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe, exixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables. Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas. Desta maneira, favorecerase a autoestima do alumnado e valorarase o esforzo que realiza para mellorar o seu rendemento. Todo de cara a realizar as oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para conseguir unha plena integración de todo o alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das súas capacidades.
  5. Para levar a cabo calquera tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración co titor e coa orientadora) deberanse revisar algúns elementos básicos da programación: as capacidades terminais e os contidos mínimos e o desenvolvemento dos máis importantes en cada caso. Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e /ou complementarios. Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos. Variacións na secuencia de contidos (temporalización).
  6. A metodoloxía: técnicas de traballo cooperativo, actividades en pequeno grupo con dificultade gradual, actividades de reforzo, poden ser alternativas, reforzo positivo, valorar as capacidades do/a alumno/a para tratar de mellorar a súa autoestima.
- En canto ó alumnado que presente altas capacidades programaranse actividades de ampliación seguindo sempre as pautas marcadas no currículo.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Os aspectos transversais relacionados co módulo son os seguintes:

- Novas tecnoloxías, TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.
- Prevención de riscos e seguridade e hixiene no traballo, son conceptos que veñen recollidos nos propios criterios de avaliación do módulo. Por tanto non só están incluídos como aspectos transversais senón que son avaliábeis.
- Educación medioambiental. As materias primas que utilizamos, inciden directamente na calidade do medio ambiente. O uso de materias téxtiles naturais o reciclaxe e a sustentabilidade estarán presentes intrinsecamente pero tamén en forma de actividades específicas

Ademáis, no desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos, o traballo cooperativo, a educación cívica, a igualdade sexual e de xénero e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, docentes, talleres, e material de traballo traballaranse a través de diferentes actividades.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Á FORMACIÓN (ACF):

- Conferencias e charlas especializadas.
- Cursos monográficos.



- Outras actividades dentro ou fóra do centro como resultado da colaboración deste con outras institucións ou organismos en actos de carácter benéfico.
- Actividades que xurdan fóra do centro durante o curso e que o Departamento Téxtil considere oportunas.
- Visitas a distintas empresas do sector téxtil, feiras e exposicións, que poidan aportar cousas interesantes ao alumnado na súa futura vida profesional.

## **10. Outros apartados**

### **10.1) Programación**

Para facilitar ao alumnado dende comezo de curso a información pertinente sobre a programación oficial do módulo, esta explicarase na aula e colgarase na páxina do Centro. Ademais de a través da aula virtual.